



Depósito Legal: PO xxx-2020

# VI XORNADA SOBRE BO USO E MAL USO DO MAR

“Unha mirada á Axenda 2030 desde unha perspectiva de xénero: o mar das mulleres nas túas mans”

**Martes 10 de novembro de 2020**

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Universidade de Vigo  
Campus da Xunqueira, Pontevedra

 **DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**

 **AXENDA  
2030**

 **CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA**

Facultade de Ciencias  
da Educación e do Deporte  
**Universidade de Vigo**

 **CAMPUS DO MAR**  
UNIVERSIDADE DE VIGO

A xornada que se presenta, que xa vai pola sexta edición, tivo un notable éxito; forma parte dun conxunto de accións destinadas a mellorar os coñecementos precisos para desenvolver a comprensión, o uso sustentable e a protección do medio mariño -de importancia estratéxica para Galicia- no marco da Axenda 2030.

En setembro de 2015 a Asemblea Xeral da ONU creou a Axenda 2030, referendada por 150 países. Nela establecíanse os 17 Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable (ODS) das diferentes comunidades no mundo. Reducir as desigualdades, lograr a igualdade de xénero, protexer os océanos, erradicar a pobreza ou loitar contra o cambio climático son algúns destes obxectivos. Cómpre dicir, segundo ONU Mulleres, que non será posible a súa consecución sen a inclusión dun enfoque baseado nos dereitos humanos e nunha mirada transversal de xénero aos 17 ODS.

Nesta ocasión, o obxectivo xeral da xornada é impulsar un espazo de intercambio para o coñecemento de estratexias e contidos da Axenda 2030, dos ODS e do seu impacto na vida das mulleres, das nenas, dos nenos e dos colectivos vulnerables. Trátase de fomentar a participación de todos os sectores interesados desde unha perspectiva crítica; neste caso, o alumnado e profesorado da Universidade de Vigo e o público en xeral.

Tres son os ODS aos que se lles prestará especial atención:

**Obxectivo 4.** Educación de calidade. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas.

**Obxectivo 5.** Igualdade de xénero. Lograr a igualdade de xénero e empoderar todas as mulleres e nenas.

**Obxectivo 14.** Vida submarina. Conservar e utilizar os océanos, os mares e os recursos mariños de maneira sustentable.

Así, é fundamental que desde o ámbito educativo se propicien actitudes positivas e se dispoña de materiais didácticos axeitados para levar a cabo intervencións nas aulas que aborden os devanditos obxectivos.

A xornada contará coa participación de dúas das autoras dos materiais didácticos denominados *Una maleta feminista para traballar los ODS*, de Batera 2030, Observatorio Feminista da Axenda 2030 de Euskadi. Por outra banda, o equipo de investigación que desenvolveu os materiais *O mar das mulleres nas túas mans*, realizados co apoio da Deputación de Pontevedra, fará un balance da acollida da exposición itinerante "Sustentabilidade en feminino" e dos materiais didácticos *O mar das mulleres nas túas mans*, así como da campaña que se vai levar a cabo para a súa difusión nos centros educativos. Deste xeito, incídese na alfabetización oceánica e no recoñecemento do papel das mulleres na sustentabilidade dos océanos, cuestións imprescindibles no ámbito educativo.

A xornada será gravada por UvigoTV e retransmitida mediante *streaming*:

<https://tv.uvigo.es/live/5b60870c8f4208dd20625884>

## V XORNADA SOBRE BO USO E MAL USO DO MAR

“O mar das mulleres: sustentable e produtivo”

### Programa

**Martes 10 de novembro de 2020**

Salón de graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Universidade de Vigo, campus da Xunqueira, Pontevedra

#### 09:30 h Inauguración da xornada:

- Jorge Soto Carballo, vicerreitor do Campus de Pontevedra
- Carmela Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra
- Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega
- María Álvarez Lires, coordinadora da xornada

#### 09:45 h Presentación da temática da xornada e da súa concreción en Galicia

A cargo de Elena Vázquez Cendón, coordinadora da Sección Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega

**10:00 h Panel.** Presentación dos materiais *Unha maleta feminista para traballar os ODS*, de Batera 2030, Observatorio feminista da Axenda 2030 de Euskadi

A cargo de Patricia Ponce e Amaia Iguaran

#### 11:00 h Descanso

**11:30 h Panel.** Presentación dos materiais didácticos *O mar das mulleres nas túas mans* e do balance da difusión da exposición "Sustentabilidade en feminino"

A cargo de María A. Lorenzo Rial e Tamara Amorín de Abreu, investigadoras da Universidade de Vigo

#### 12:30 h Clausura da xornada

